

MÉDICOS/AS DE FAMILIA

PERDA DE DESTINO DEFINITIVO DO CONCURSO DE TRASLADOS 2024

Tralas Resolucións recibidas por algúns Médicos Especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria o pasado venres 9 de xaneiro, onde se lles comunica por notifica.gal a **PERDA DO DESTINO DEFINITIVO** acadado no **Concurso de Traslados Externos do ano 2024**, CC OO rexistrou un escrito reclamándolle á Dirección de Recursos Humanos do SERGAS o seguinte:

1. **Deixar sen efecto** as Resolucións enviadas o día 9 ós/ás profesionais, e comunicalo por escrito polo mesmo medio.
2. **Abrir un prazo dun mes** para solicitar a acreditación como titores/as, con **información individualizada e clara** do procedemento a seguir.
3. Que as **Comisións de Docencia** resolvan as solicitudes **nun prazo máximo de 3 días** desde a súa recepción.
4. Que as **Comisións de Docencia informen** do proceso de acreditación ós/ás profesionais con praza de titoría en cada edición do CAP.

CC OO entende que, segundo o Decreto de Formación Sanitaria Especializada de maio de 2023, **a responsabilidade de “promover” a acreditación dos profesionais corresponde ás Comisións de Docencia**, polo que non se pode “sancionar” aos profesionais por non telo feito, especialmente cando non existe un procedemento público, claro e homoxéneo sobre como facelo.

CC OO considera esta actuación desproporcionada e lesiva, ao equiparar un problema organizativo e de falta de información a unha consecuencia propia dunha sanción, xerando unha situación de indefensión nos profesionais afectados.

Para máis información, acode a túa sección sindical de CC OO

12 de xaneiro do 2026